



Veciñanza propón a inclusión de cláusulas sociais e medioambientais na contratación pública de Cuntis

Presentaremos no próximo pleno, o deste mes de novembro, unha moción para incluír este tipo de condicións para as empresas que contraten co Concello de Cuntis. A contratación pública é un dos principais recursos que ten a administración local para desenvolver políticas sociais

Cuntis. 12 de novembro de 2016. A contratación pública é un dos principais recursos que teñen as administracións para desenvolver e executar políticas sociais. Pode e debe ser **unha ferramenta transformadora que contribúa a unha sociedade máis ética e máis sostible**, e neste senso, a inclusión de cláusulas sociais e medioambientais na compra pública xoga un papel determinante. **Veciñanza propón a inclusión deste tipo de condicións para a contratación que faga o Concello de Cuntis.** Será mediante a presentación dunha moción no próximo pleno, o deste mes de novembro.

A importancia da contratación pública podemos avalala mediante dous datos significativos:

- Supón un 18,5 % do PIB español conforme os datos de 2015 do Observatorio de Contratación Pública, dato que dá conta da incidencia desta política pública na economía.
- Un informe da Comisión Europea do ano 2014 pon cifra á corrupción que asolagou ás institucións no Estado Español: TRECE MIL MILLÓNS DE EUROS, derivada esta fundamentalmente das malas praxes na contratación pública.

Amparada nun amplo marco normativo, **a iniciativa busca poñer os alicerces dunhas condicións que resulten verdadeiramente transformadoras alí onde administración local ten capacidade.** Concellos como os de Avilés, Barcelona, Madrid ou Xixón, ou a propia Deputación de Lugo, traballan xa con fórmulas deste tipo, destinadas á procura dun compromiso por parte das empresas contratistas que vaia máis alá da oferta máis vantaxosa entendida esta simplemente como a máis barata economicamente. O compromiso medioambiental, as condicións laborais dos/das traballadoras, a creación de emprego no ámbito local, a integración de persoas e colectivos en risco de exclusión social, etc. Serán criterios a valorar para poder contratar co Concello de Cuntis. Propoñemos considerar a contratación pública como un investimento social.

O reto é desterrar a concepción neoliberal da oferta economicamente máis vantaxosa coma aquela que incorpora o prezo máis barato nos procesos de adxudicación dos contratos públicos e de ampliar o enfoque cara a outras propostas con maior índice de compromiso social.